



**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA**  
**DO 7 DE OUTUBRO DE 2022**

**1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00045245N.**

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia.

**2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00051718A.**

Adxudicación do expediente "CON/73/2021 Servizo de ASISTENCIA ACTIVIDADES DE COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN do proxecto SMARTIAGO cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirexional de España (POPE) 2014-2020 e nun 10% pola Axencia Galega de Innovación (GAIN)".

Acórdase:

**Primeiro:** Adxudicar o contrato que ten por obxecto "Servizo de ASISTENCIA ACTIVIDADES DE COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN do proxecto SMARTIAGO cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirexional de España (POPE) 2014-2020 en un 10% pola Axencia Galega de Innovación (GAIN)" á empresa ÁRTABRA COMUNICACIÓN SL NIF: B 70 408 869, por un importe total de 33.774,73 € (Base imponible: 27.913,00 €, IVE do 21%: 5.861,73 €), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como responsable do contrato a Jesús Rodríguez Castro, xefe de servizo do departamento de Informática.

**Segundo:** Comprometer un gasto por importe de 33.774,73 € con cargo á aplicación orzamentaria 030 46200 64100000.

**3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00024280G.**

Aprobación prorroga do "Servizo de subscrición, actualización e mantemento da base de datos territorial do Concello de Santiago de Compostela".

Acórdase:

**Primeiro.-** Prorrogar o contrato de prestación do *servizo de subscrición, actualización e mantemento da base de datos territorial do Concello de Santiago de Compostela* nos termos e condicións recollidos no contrato asinado o 08/10/2021 coa empresa ARNAIZ URBIMÁTICA SL con NIF B 84 439 421.

A duración da prorroga será de 1 ANO, ata o 8 de outubro de 2023.

**Segundo.-** Autorizar e comprometer un gasto por importe de 11.500,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 050 15100 2270600 URBANISMO.ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS., coa seguinte desagregación:

3.000,00 € en 2022

8.500,00 € en 2023

Total: 11.500,00 €

Ao abeiro do establecido no artigo 174 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, o gasto de exercicios futuros queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento..

---